

c

# MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**21339** *ORDE CTE/2723/2002, do 28 de outubro, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipos a presión transportables. («BOE» 265, do 5-11-2002.)*

O Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, dicta as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE relativa ós equipos a presión transportables, prevendo o aprazamento da súa entrada en vigor para certos equipos incluídos no seu ámbito de aplicación que recollía a Decisión 2001/107/CE, do 25 de xaneiro de 2001, e a adaptación ó progreso técnico que se establece na Directiva 2001/2/CE, do 4 de xaneiro.

O 6 de xuño de 2002 aprobouse a Directiva 2002/50/CE, da Comisión, pola que novamente se adapta ó progreso técnico a Directiva 1999/36/CE. A dita adaptación modifica a redacción que no anexo IV se lle dá ó módulo D co fin de asegura-la súa concordanza co resto da norma.

En cumprimento do indicado no artigo 2 da directiva anteriormente indicada, é preciso dicta-las disposicións nacionais que prevexan e adopten o nela previsto.

A disposición derradeira terceira do Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, anteriormente citado, autoriza o ministro de Ciencia e Tecnoloxía para modifica-los anexos do dito real decreto.

De acordo co disposto no artigo 24.1, letra c), da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta disposición foi sometida ó trámite de audiencia dos sectores afectados. Tamén foron consultados os órganos competentes das comunidades autónomas e recibiu informe favorable da Comisión de Coordinación de Transportes de Mercadorías Perigosas e polo Ministerio de Fomento.

Esta orde dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica establecida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación do anexo IV.*—No módulo D da parte I do anexo IV introdúcese a seguinte modificación:

Substitúese a expresión «certificado CE de tipo» que figura no punto 1, segundo parágrafo do punto 3.1 e primeiro parágrafo do punto 3.2, pola expresión «certificado de exame CE de tipo ou certificado CE de deseño.»

Segundo. *Habilitación normativa.*—Esta disposición dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica establecida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Terceiro. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de outubro de 2002.

PIQUÉ I CAMPS

Excmo. Sr. Secretario de Estado de Política Científica e Tecnolóxica.

# XEFATURA DO ESTADO

**22187** *LEI 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos. («BOE» 274, do 15-11-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade social impón a consideración legal da relación xurídica establecida arredor da figura do aparcamento dos vehículos de motor, atendida a masificación do fenómeno, así como os problemas que se derivan da falta dun desenvolvemento lexislativo específico.

A xurisprudencia vén reclamando, neste sentido, a conveniencia da dita regulación específica, para evita-los problemas que se derivan ó incardina-la regulación do aparcamento en diversas figuras contractuais do noso ordenamento civil. A dificultade que iso comporta xera unha ampla marxe de inseguridade ó non delimitar especificamente as respectivas responsabilidades de empresarios e usuarios, especialmente ante o importante número de supostos que a masificación antes invocada comporta nas consecuencias xurídicas do aparcamento.

Por iso, esta lei delimita, en primeiro termo, cáles son os aparcadoiros obxecto dela, distinguíndoos daqueles que, pola súa menor transcendencia, poden ser tratados ó abeiro da ordenación doutras figuras contractuais. É o aparcadoiro público aquel que orixina o maior grao de conflictividade e é a este específico suposto ó que lle que pretende dar resposta esta lei.

Especialmente, abórdase a imprecisa regulación da responsabilidade do titular do aparcadoiro para a restitución do vehículo e dos seus accesorios ou outros efectos, en termos que veñen recoller e resolve-los criterios e as dúbidas presentadas pola xurisprudencia. Por outra parte, ó se regularen as obrigas dos empresarios e usuarios, delimítanse «a sensu contrario», os dereitos que para cada un destes colectivos se orixinan da relación xurídica que o aparcamento comporta. E faise todo iso en termos tales que se acomoda ás características atípicas que precisamente a doutrina veu distinguindo nos aparcamentos.

## CAPÍTULO I

### Ámbito da lei

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei establece o réxime xurídico aplicable ós aparcamentos nos que unha persoa cede, como actividade mercantil, un espacio nun local ou recinto do que é titular, para o estacionamento de vehículos de motor, cos deberes de vixilancia e custodia durante o tempo de ocupación, a cambio dun prezo determinado en función do tempo de estacionamento.

Artigo 2. *Aparcamentos excluídos.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os estacionamentos nas denominadas zonas de estacionamento regulado ou na vía pública, tanto se

esixen o pagamento de taxas como se estas non se devengaren.

b) Os estacionamentos que se realicen en locais ou recintos dependentes ou accesorios doutras instalacións, ou que sexan gratuítos, e

c) Calquera outro que non reúna os requisitos sinalados no artigo 1.

## CAPÍTULO II

### Dos dereitos e obrigas das partes

#### Artigo 3. *Obrigas do titular do aparcadoiro.*

1. Nos aparcadoiros obxecto desta lei, o seu titular deberá:

a) Facilitarlle ó usuario ó que se lle permita o acceso un espacio para o aparcamento do vehículo.

b) Entregarlle ó usuario un xustificante do aparcamento, con expresión do día e hora da entrada cando iso sexa determinante para a fixación do prezo. No xustificante farase constar, en todo caso, a identificación do vehículo e se o usuario lle fai entrega ou non ó responsable do aparcadoiro das chaves do vehículo.

c) Restituírlle ó portador do xustificante, no estado no que lle foi entregado, o vehículo e os compoñentes e accesorios que estean incorporados funcionalmente —de maneira fixa e inseparable— a aquel e que sexan habituais e ordinarios, pola súa natureza ou valor, no tipo de vehículo de que se trate.

En todo caso, os accesorios non fixos e extraíbles, como radiocasetes e teléfonos móbiles, deberán ser retirados polos usuarios, e non lle corresponderá, no seu defecto, ó titular do aparcadoiro a responsabilidade sobre restitución.

d) Indicar de maneira facilmente perceptible os prezos, horarios e as normas de uso e funcionamento do aparcadoiro, que poderá establecer libremente.

e) Dispoñer de formularios de reclamacións.

2. Os titulares dos aparcadoiros que contén cun servizo especial para iso, poderán aceptar e responsabilizarse tamén da restitución doutros accesorios distintos dos sinalados no primeiro parágrafo do punto 1.c) deste artigo, así como dos efectos, obxectos ou pertenzas introducidos polo usuario no seu vehículo, cando:

a) Fosen expresamente declarados polo usuario á entrada do aparcadoiro e o responsable deste acepte a súa custodia.

b) O usuario observe as prevencións e medidas de seguridade que se lle indiquen, incluída a do aparcamento do vehículo ou o depósito dos efectos na zona ou lugar que estiver habilitado para o efecto para a súa vixilancia.

Neste tipo de aparcadoiros deberá existir no exterior deles unha información suficiente que permita identifica-la prestación do servizo especial.

3. Nos casos previstos no punto anterior, o titular do aparcadoiro poderá establecer prezos distintos ou complementarios para a garda e vixilancia dos efectos dos que acepte a custodia.

#### Artigo 4. *Deberes do usuario.*

Nos aparcadoiros obxecto desta lei, o usuario deberá:

a) Aboa-lo prezo fixado para o aparcamento, antes da retirada do vehículo.

b) Exhibi-lo xustificante do aparcamento ou acreditar, en caso de extravío, o seu dereito sobre o vehículo para proceder a retiralo.

c) Declarar, nos casos previstos no punto 2 do artigo 3, os accesorios especiais e pertenzas introducidos no vehículo; estacionar e depositalos, se é o caso, nos lugares e coas medidas indicadas para o efecto, e observar-las demais prevencións establecidas para estes casos polo titular do aparcadoiro.

d) Segui-las normas e instrucións do responsable do aparcadoiro respecto ó uso e seguridade deste, dos seus empregados e usuarios.

#### Artigo 5. *Responsabilidades.*

1. O titular do aparcadoiro responderá, tanto fronte ó usuario coma fronte ó propietario do vehículo, polos danos e perdas que respectivamente lles ocasione o incumprimento, total ou parcial, das obrigas previstas na lei.

Correlativamente, o usuario será responsable fronte ó empresario e ós demais usuarios, dos danos e perdas que lles cause por incumprimento dos seus deberes ou impericia na conducción do vehículo dentro do recinto.

2. O propietario do vehículo que non fose o seu usuario responderá solidariamente dos danos e perdas causados por aquel, salvo cando o aparcamento se fixese coa entrega das chaves do vehículo ó responsable do aparcadoiro.

3. O titular do aparcadoiro terá, fronte a calquera persoa, dereito de retención sobre o vehículo en garantía do pagamento do prezo do aparcamento.

4. En relación coa reclamación de indemnizacións por danos e perdas contra o titular do aparcadoiro, o usuario pode solicita-la mediación e a arbitrase das xuntas arbitrais de consumo, de acordo co disposto na Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitrase.

#### Artigo 6. *Retirada do vehículo.*

O titular do aparcadoiro poderá utiliza-lo procedemento previsto no artigo 71 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial cando permaneza un vehículo estacionado de forma continuada no mesmo lugar do aparcadoiro por un período de tempo superior a seis meses, de forma que se presuma racionalmente o seu abandono, ben polo seu propio estado, polos danos que teña e que fagan imposible o seu desprazamento por medios propios, por non ter placas de matriculación ou, en xeral, por aqueles signos externos que fagan presumi-la falta de interese do propietario na súa utilización.

Corresponderalle ó titular do aparcadoiro a proba do abandono do vehículo e do transcurso do período de seis meses.

#### Artigo 7. *Réxime supletorio.*

Respectando, en todo caso, o establecido nesta lei, os aparcamentos réxense, no seu defecto, pola vontade das partes e supletoriamente polo disposto nas disposicións xerais das obrigas e contratos e polos usos e costumes do lugar.

#### Disposición adicional única.

As administracións públicas, na esfera das súas respectivas competencias, vixiarán especialmente que as disposicións legais e regulamentarias en materia de promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras sexan de aplicación a estes espazos.

As administracións públicas, en colaboración co Consello Estatal de Persoas con Discapacidade, promoverán a incorporación de mecanismos de aviso homologados

c que emitan sinais ópticos e sonoros, perceptibles desde a vía pública, nos accesos ós aparcadoiros e garaxes cun volume de tráfico rodado ou perigosidade obxectiva que así o aconsellen, atendendo ás persoas con dificultades auditivas e/ou visuais.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira.

Para os efectos desta lei considérase relación contractual a que se estableza entre o titular do aparcadoiro e o do vehículo, cando este fose depositado en cumprimento dun mandato xudicial ou administrativo, reservándose acción directa do titular do aparcadoiro fronte á persoa titular do vehículo.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**22188** *LEI 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.* («BOE» 274, do 15-11-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia que teñen os dereitos dos pacientes como eixe básico das relacións clínico-asistenciaisponse de manifesto ó constata-lo interese que teñen demostrado por eles case tódalas organizacións internacionais con competencia na materia. Xa desde a fin da Segunda Guerra Mundial, organizacións como Nacións Unidas, UNESCO ou a Organización Mundial da Saúde, ou, máis recentemente, a Unión Europea ou o Consello de Europa, entre moitas outras, teñen impulsado declaracións ou, nalgún caso, teñen promulgado normas xurídicas sobre aspectos xenéricos ou específicos relacionados con esta cuestión. Neste sentido, é necesario mencionala transcendencia da Declaración universal de dereitos humanos, do ano 1948, que foi o punto de referencia obrigado para tódolos textos constitucionais promulgados posteriormente ou, no ámbito máis estrictamente sanitario, a Declaración sobre a promoción dos dereitos dos

pacientes en Europa, promovida no ano 1994 pola Oficina Rexional para Europa da Organización Mundial da Saúde, á parte de múltiples declaracións internacionais de maior ou menor alcance e influencia que se referiron as devanditas cuestións.

Ultimamente, cabe subliña-la relevancia especial do convenio do Consello de Europa para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano respecto das aplicacións da bioloxía e a medicina (Convenio sobre os dereitos do home e a biomedicina), subscrito o día 4 de abril de 1997, o cal entrou en vigor no Reino de España o 1 de xaneiro de 2000. Este convenio é unha iniciativa capital: en efecto, a diferenza das distintas declaracións internacionais que o precederon, é o primeiro instrumento internacional con carácter xurídico vinculante para os países que o subscriben. A súa especial valía reside no feito de que establece un marco común para a protección dos dereitos humanos e a dignidade humana na aplicación da bioloxía e a medicina. O convenio trata explicitamente, con detemento e extensión, sobre a necesidade de recoñece-los dereitos dos pacientes, entre os cales sobresaen o dereito á información, o consentimento informado e a intimidade da información relativa á saúde das persoas, perseguindo o alcance dunha harmonización das lexislacións dos diversos países nestas materias; neste sentido, é absolutamente conveniente ter en conta o convenio no momento de abordar-lo reto de regular cuestións tan importantes.

Cómpre dicir, sen embargo, que a regulación do dereito á protección da saúde, recollido polo artigo 43 da Constitución de 1978, desde o punto de vista das cuestións máis estreitamente vinculadas á condición de suxeitos de dereitos das persoas usuarias dos servizos sanitarios, é dicir, a plasmación dos dereitos relativos á información clínica e a autonomía individual dos pacientes no relativo á súa saúde, foi obxecto dunha regulación básica no ámbito do Estado, a través da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Por outra parte, esta lei, malia fixar basicamente a súa atención no establecemento e ordenación do sistema sanitario desde un punto de vista organizativo, dedica a esta cuestión diversas previsións, entre as que destaca a vontade de humanización dos servizos sanitarios. Así, mantén o máximo respecto á dignidade da persoa e á liberdade individual, dun lado, e, do outro, declara que a organización sanitaria debe permitir garanti-la saúde como dereito inalleable da poboación mediante a estrutura do Sistema Nacional de Saúde, que debe asegurarse en condicións de escrupuloso respecto á intimidade persoal e á liberdade individual do usuario, garantindo a confidencialidade da información relacionada cos servizos sanitarios que se prestan e sen ningún tipo de discriminación.

A partir das ditas premisas, esta lei completa as previsións que a Lei xeral de sanidade enunciou como principios xerais. Neste sentido, reforza e dálle un trato especial ó dereito á autonomía do paciente. En particular, merece mención especial a regulación sobre instrucións previas que contempla, de acordo co criterio establecido no Convenio de Oviedo, os desexos do paciente expresados con anterioridade dentro do ámbito do consentimento informado. Así mesmo, a lei trata con profundidade todo o referente á documentación clínica xerada nos centros asistenciais, subliñando especialmente a consideración e a concreción dos dereitos dos usuarios neste aspecto.

En setembro de 1997, en desenvolvemento dun convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Sanidade e Consumo, tivo lugar un seminario conxunto sobre información e documentación clínica, no que se debateron os principais aspectos